

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE (EXPOURENSE) PARA A CELEBRACIÓN DA FEIRA INTERNACIONAL DO TURISMO TERMAL, TERMALISMO, TALASOTERAPIA E SPA “TERMATALIA-MÉXICO 2016”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia ten previsto formalizar coa entidade Fundación Feiras e Exposicións de Ourense (EXPOURENSE) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 27 de abril de 2016 ata o 1 de novembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por **obxecto**:

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Feiras e Exposicións de Ourense (EXPOURENSE), para a organización e celebración da Feira Internacional do Turismo Termal, Termalismo, Talasoterapia e Spa “Termatalia- México 2016” entre os días, 29 de setembro a 1 de outubro (e o Encontro Internacional sobre Auga e Termalismo desde o 28 de setembro).

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

1. Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

2. Que a Fundación Feiras e Exposicións de Ourense, entidade sen ánimo de lucro tal e como establece o artigo 4 dos seus estatutos, é a única organizadora de “TERMATALIA-MÉXICO 2016”, que é a única Feira Internacional do Turismo Termal que se celebra no mundo que reúne ao sector procedente de Europa e América convertida nun referente tanto europeo coma latinoamericano para os profesionais deste ámbito.

Esta feira internacional dedicada ao turismo termal da resposta á necesidade de encontro de todos os sectores implicados no sector do termalismo, administracións e axentes privados, erixíndose no foro de coñecemento e análise de necesidades de promoción e de incentivo público e privado da oferta termal galega.

3.- Co obxecto de reforzar o posicionamento de Galicia como destino líder en Turismo Termal, xa que as instalacións para o turismo de saúde fan deste sector un dous produtos turísticos estrela, a Axencia Turismo de Galicia colaborará coa Fundación Feiras e Exposicións de Ourense na organización de TERMATALIA – MÉXICO 2016.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos